



Dolores Hermelo Piñeiro , Concelleira do Grupo Municipal do PP , presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN** :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

Pola prensa enterámonos que o Concello a diferenza de outros anos , non solicita dentro do Plan Concellos 2017 a máxima cantidade que lle corresponde da liña 3 dedicada o emprego , é dicir o 22,5 % da cantidade total . (serían 245.030,238 € dun total de 1.089.023,28 €).

En dita noticia aparece que solicitan case 200.000 € e que o Concello tería que aportar 140.000€ .**É dicir solicitan case que 50.000 € menos do que podían** , o que demostra unha vez mais a profunda preocupación polo emprego do actual goberno , polo menos parte del , pois hai que lembrar que para equipar igual salario a igual emprego , a proposta efectuada polo Grupo de ASPUN , foi aprobada cos votos do citado Grupo e do PP (non apoiada polo resto do equipo de goberno como se fai referencia na noticia)

O noso entender non se poden amparar na cantidade que terían que aportar (Minten para 29 traballadores seis meses , o Concello aportaría en torno a 90.000 € non 140.000€ como se di) pois hai exemplos dabondo onde se malgastan unhas veces despilfarrando e outras por incapacidade na xestión , moitos centos de miles de euros sen que se ruborizen , e sen embargo racanean en cuestión como esta onde tódalas Administracións débense implicar .

Por todo elo efectuamos a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** :

O Pleno da Corporación de Cangas insta o Equipo de Goberno , a que solicite dentro da liña 3 do Plan Concellos 2017 a cuantía máxima (É dicir o 22,5 % da cantidade total) para que se contrate o número máximo de traballadores o que segundo as bases da citada convocatoria ten dereito .

Cangas, a 10 de Febreiro do 2017

Asdo.Dolores Hermelo Piñeiro